

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15025301	IES Arcebispo Xelmírez II	Santiago de Compostela	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Grego I	1º Bac.	4	140

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	29
4.2. Materiais e recursos didácticos	29
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	30
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	30
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	32
5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias	32
6. Medidas de atención á diversidade	32
7.1. Concreción dos elementos transversais	33
7.2. Actividades complementarias	34
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	35
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	36
9. Outros apartados	36

1. Introducción

Esta programación pretende organizar os contidos dos catro bloques do currículo en unidades didácticas que compatibilicen os de carácter cultural e os lingüísticos. Así, situamos na primeira avaliación as UD referidas á xeografía e historia da lingua, aínda que o apartado de escritura, transcripción e lectura seguirá a traballarse en todo o curso. Repartidas nos tres trimestres estarán as de historia, sociedade, relixión e etimoloxía e, por último, a modo de recompilación, no terceiro trimestre unha UD sobre legado e patrimonio. En canto ao peso das unidades didácticas, cómpre dicir que as de contidos non lingüísticos teñen un peso que equivale aproximadamente ao % da materia, reservándose o % restante para as unidades didácticas lingüísticas.

As humanidades e a proposta dunha educación humanista na civilización europea van intrinsecamente ligadas á tradición e á herdanza cultural da Antigüidade clásica. Unha educación humanista sitúa as persoas e a súa dignidade como valores fundamentais, guiándoas na adquisición das competencias que necesitan para participaren de forma efectiva nos procesos democráticos, no diálogo intercultural e na sociedade en xeral. A través da aprendizaxe da lingua, a cultura e a civilización gregas, a materia de Grego permite unha reflexión profunda sobre o presente e sobre o papel que o humanismo pode e debe desempeñar ante os retos e desafíos do século XXI. Esta materia contén, ademais, un valor instrumental para a aprendizaxe de linguas, literatura, relixión, historia, filosofía, política ou ciencia, capacitando o alumnado que a cursa, non sendo unha materia obrigatoria, para ampliar o seu coñecemento sobre estes aspectos, proporcionando un substrato cultural que permite comprender o mundo, os acontecementos e os sentimentos, e que contribúe á educación cívica e cultural do alumnado.

A materia de Grego ten como principal obxectivo o desenvolvemento dunha conciencia crítica e humanista desde a que poder entender e analizar as achegas da civilización helena á identidade europea, a través da lectura e a comprensión de fontes primarias e da adquisición de técnicas de comprensión de textos que lle permitan ao alumnado utilizar estas fontes de acceso á Antigüidade grega como instrumento privilexiado para coñecer, comprender e interpretar os seus aspectos principais. Por iso, a materia vértébrase arredor de tres eixes: a lingua, os textos e a súa comprensión; a aproximación crítica ao mundo grego; e o estudo do patrimonio cultural e o legado da civilización grega.

A comprensión do texto está no centro dos procesos de ensino e aprendizaxe das linguas e culturas clásicas. Para entender criticamente a civilización helena, o alumnado de Grego localiza, identifica, contextualiza e comprende os elementos esenciais dun texto, progresando nos coñecementos de morfoloxía, sintaxe e léxico grego baixo a guía da profesora. Ademais destes saberes de carácter lingüístico, o uso activo do grego, a comprensión do texto e a súa tradución son procesos clave que permiten activar saberes de carácter non lingüístico. O texto orixinal, adaptado, en edición bilingüe ou traducido, en función da situación é o punto de partida desde o cal o alumnado mobiliza todos os contidos para, partindo da súa contextualización, concluír unha lectura comprensiva directa e eficaz e unha interpretación razoada do seu contido. As técnicas e estratexias implicadas no proceso de comprensión dun texto e/ou a súa tradución contribúen a desenvolver a capacidade de negociación para a resolución de problemas, así como a constancia e o interese por revisar o propio traballo. Permite, ademais, que o alumnado entre en contacto coas posibilidades que este labor ofrece para o seu futuro persoal e profesional nun mundo globalizado e dixital, a través do coñecemento e uso de diferentes recursos, técnicas e ferramentas.

Así mesmo, a materia de Grego parte dos textos para favorecer a aproximación crítica ás achegas máis importantes do mundo heleno ao mundo occidental, así como á capacidade da civilización grega para dialogar coas influencias externas, adaptándoas e integrándoas nos seus propios sistemas de pensamento e na súa cultura. Ambos os aspectos resultan especialmente relevantes para adquirir un xuízo crítico e estético nas condicións cambiantes dun presente en constante evolución. Esta materia prepara o alumnado para comprender criticamente ideas relativas á propia identidade, á vida pública e privada, á relación do individuo co poder e a feitos sociopolíticos e históricos, por medio da comparación entre os modos de vida da antiga Grecia e os actuais, contribuíndo así a desenvolver a súa competencia cidadá.

O estudo do patrimonio cultural, arqueolóxico e artístico grego, material e inmaterial, merece unha atención específica e permite observar e recoñecer na nosa vida cotiá a herdanza directa da civilización helena. A aproximación aos procesos que favorecen a sustentabilidade deste legado, preservación, conservación e restauración supón, tamén, unha oportunidade para que o alumnado coñeza as posibilidades profesionais no ámbito dos museos, as bibliotecas ou a xestión cultural e a conservación do patrimonio.

Contexto do noso centro.

Nos últimos anos o crecemento poboacional na zona norte de Santiago determinou un incremento no número do alumnado, e un cambio no seu perfil sociocultural, que está a elevarse. O nivel socioeconómico dominante é o de clase media. Entre as familias con menos recursos o impacto da crise iniciada hai dez anos elevou as taxas de paro e diminuíu os seus recursos. A crise económica derivada da sanitaria na primavera de 2020 está a ter tamén un forte impacto que debe ser tido en conta no deseño das actividades do centro. Este respondeu e seguirá respondendo, en colaboración coa ANPA, buscando vías para garantir que todo o alumnado dispoña dos recursos materiais necesarios para o bo aproveitamento das actividades lectivas. No centro está escolarizado alumnado de minorías étnicas, con predominio da xitana. Se ben representan arredor dun modesto 2,7% do total da matrícula, concéntranse en 1º e 2º ESO (poucos superan ese nivel) e presentan problemas académicos e con frecuencia de conduta derivados da súa falta de expectativas escolares. En tódolos casos o Departamento de Orientación establece estratexias para concienciar o alumnado e a súa familia da necesidade de acadar unha titulación e poder aumentar as súas expectativas sociais e laborais. Nos últimos anos elevouse o número de alumnado inmigrante. No presente curso escolar hai 25 alumnos de nacionalidade estranxeira (4,3% do total, a maioría latinoamericanos) aos que hai que sumar 16 alumnos de nacionalidade española pero nados e criados no estranxeiro, polo que á súa chegada a Galicia senten o mesmo desarraigo e as mesmas dificultades académicas.

O grupo de grego do presente curso estaba formado por 12 alumnas/os ao que se engadiu na primeira semana do mes de outubro un novo alumno que cambiou de modalidade. Todas as alumnas/os tamén cursan a materia de Latín, unha alumna é repetidora do curso pasado. Unha parte do alumnado estivo matriculado en Latín de 4º ESO, pero varios non teñen ningunha noción sobre as linguas clásicas.

No grupo hai dous alumnos diagnosticados con TEA en distinto grao e unha alumna que se incorporou xa empezado o curso procedente de Venezuela, con moi rudimentarios coñecementos de galego.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender e/ou producir textos gregos de dificultade crecente e xustificar a súa comprensión e/ou produción, identificando e analizando os aspectos básicos da lingua grega, as unidades lingüísticas e reflexionando sobre elas mediante a comparación coas linguas de ensino e con outras linguas do repertorio individual do alumnado, en especial e cando sexa posible co grego moderno, e poñendo en práctica, se se considera oportuno, habilidades comunicativas tanto orais como escritas, para realizar unha lectura comprensiva, directa e eficaz e unha interpretación razoada do seu contido e, de ser o caso, unha produción oral e/ou escrita correcta.	1-2	2	1-2					

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Distinguir os étimos e formantes gregos presentes no léxico de uso cotián, identificando os cambios semánticos que tivesen lugar e establecendo unha comparación coas linguas de ensino e outras linguas do repertorio individual do alumnado, en especial e cando sexa posible co grego moderno, para deducir o significado etimolóxico do léxico coñecido e os significados de léxico novo ou especializado.		2-3	1		50			
OBX3 - Ler, interpretar e comentar textos gregos de diferentes xéneros e épocas, asumindo o proceso creativo como complexo e inseparable do contexto histórico, social e político e das súas influencias artísticas, para identificar a súa xenealoxía e a súa achega á literatura europea.	4							1-2
OBX4 - Analizar as características da civilización grega no ámbito persoal, relixioso e sociopolítico, adquirindo coñecementos sobre o mundo heleno e comparando criticamente o presente e o pasado, para valorar as achegas do mundo clásico grego á nosa contorna como base dunha cidadanía democrática e comprometida.	3	3		1	31	1		
OBX5 - Valorar criticamente o patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e cultural herdado da civilización grega, promovendo a súa sustentabilidade e recoñecéndoo como produto da creación humana e como testemuño da historia, para explicar o legado material e inmaterial grego como transmisor de coñecemento e fonte de inspiración de creacións modernas e contemporáneas.	3			2		1-4	1	1-2

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Xeografía	Marco xeográfico en que se desenvolve a civilización grega. Localización de fitos xeográficos e enclaves concretos relevantes.	3	5	X		
2	Historia	Marco histórico da civilización grega: das civilizacións minoica e micénica ao mundo helenístico. Etapas, feitos importantes e mulleres e	4	7	X	X	X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	Historia	homes relevantes. Presenza de Grecia na Península Ibérica.	4	7	X	X	X
3	Sociedade e formas de goberno	Nesta unidade didáctica hanse traballar os contidos referidos á sociedade e as formas de goberno de Grecia, tomando como exemplo as polis de Esparta e Atenas. Sistemas políticos. Urbanismo, obras públicas e artes plásticas. A familia. A situación da muller. Nacemento e educación. Traballo e lecer: oficios, ciencia e técnica. Festas e espectáculos: teatro e deporte.	4	6	X	X	X
4	Relixión e mitoloxía	Cosmogonía, divindades e heroes. Formas de culto. Santuarios.	4	9		X	X
5	Historia da lingua grega. O alfabeto	Do indoeuropeo ao grego moderno: micénico, xónico-ático, koiné e grego moderno. O alfabeto grego na historia da escritura. Orixe e características. A súa relación co alfabeto fenicio e con outros alfabetos. Escritura. Signos ortográficos. Clasificación dos sons. Pronunciación erasmiana e histórica. Normas de transcrición. Lectura fluída.	10	10	X	X	X
6	Morfoloxía nominal I: declinacións	Sistema casual. Artigo. 1. ^a e 2. ^a declinacións. Adxectivos 212. 3. ^a declinación. Adxectivos da 3. ^a declinación. Adxectivos irregulares. Graos dos adxectivos.	15	18	X	X	X
7	Morfoloxía nominal II: pronomes	Pronomes demostrativos. Pronomes persoais e posesivos. Pronomes indefinidos.	9	12	X	X	X
8	Morfoloxía verbal I	Modo indicativo do verbo copulativo (eimí) e dos verbos en -w. Voz activa e medio-pasiva.	14	18	X	X	
9	Morfoloxía verbal II. formas nominais	Construcións de infinitivo e de participio.	8	12		X	X
10	Sintaxe I: valores dos casos	Valores dos casos: vocativo, dobre acusativo, dativo posesivo, xenitivo partitivo, complementos circunstanciais, complemento axente. Uso das preposicións.	7	12	X	X	X
11	Sintaxe II: oración de relativo	Pronome de relativo. Oracións subordinadas de relativo.	8	8		X	
12	Vocabulario e etimoloxía	Vocabulario básico relacionado cos contidos morfolóxicos explicados. Léxico de uso frecuente e principais prefixos e sufixos. Descomposición de palabras nos seus formantes. Helenismos máis frecuentes do vocabulario común e do léxico especializado, e o seu mantemento: termos patrimoniais, cultismos e neoloxismos. Identificación de lexemas, sufixos e prefixos helénicos usados na lingua propia.	10	15	X	X	X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
12	Vocabulario e etimoloxía	Familias etimolóxicas e semánticas.	10	15	X	X	X
13	Legado grego	Nesta unidade didáctica hanse tratar dun modo sintético todos os eidos da vida moderna onde se pode achar o legado de Grecia. Esta unidade pode ser concibida, en certa medida, como un repaso das anteriores, dado que se precisa dos coñecementos adquiridos para poder entender e, sobre todo, facer as conexións e relacións imprescindibles.	4	8			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Xeografía	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Investigar, de maneira guiada, o patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e cultural herdado da civilización grega, actuando de forma adecuada, empática e respectuosa e interesándose polos procesos de preservación e por aquelas actitudes cívicas que aseguran a súa sustentabilidade.	Investigar a localización dos principais fitos xeográficos e enclaves concretos relevantes e algúns dos elementos do patrimonio helénico relacionados con eles.	PE	85
CA4.3 - Investigar de maneira progresivamente autónoma aspectos do legado da civilización grega no ámbito persoal, relixioso e sociopolítico localizando, seleccionando, contrastando e reelaborando información procedente de diferentes fontes, calibrando a súa fiabilidade e pertinencia e respectando os principios de rigor e propiedade intelectual.	Investigar o legado da civilización grega de acordo coas normas de busca, selección e reelaboración da información.		
CA4.5 - Investigar, de maneira guiada, o patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e cultural herdado da civilización grega, actuando de forma adecuada, empática e respectuosa e interesándose polos procesos de preservación e por aquelas actitudes cívicas que aseguran a súa sostibilidade.	Investigar a localización dos principais fitos xeográficos e enclaves concretos relevantes e algúns dos elementos do patrimonio helénico relacionados con eles.		
CA4.6 - Explorar o legado grego na contorna do alumnado a partir de criterios dados, aplicando os coñecementos adquiridos e reflexionando sobre as implicacións dos seus distintos usos, dando exemplos da persistencia da Antigüidade clásica na súa vida cotiá e presentando os resultados a través de diferentes soportes.	Explorar o legado grego na contorna do alumnado, aplicando os coñecementos adquiridos e reflexionando sobre os seus distintos usos e presentando os resultados a través de diferentes soportes.	TI	15

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xeografía da antiga Grecia: topografía, nome e función dos principais sitios. Viaxeiros ilustres. - Obras públicas e urbanismo: construción, conservación, preservación e restauración. - As representacións e festivais teatrais, a súa evolución e persistencia na actualidade. - As competicións atléticas e a súa persistencia na actualidade. - Principais sitios arqueolóxicos, museos ou festivais relacionados coa Antigüidade clásica.

UD	Título da UD	Duración
2	Historia	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Explicar, a partir de criterios dados, os procesos históricos e políticos, as institucións, os modos de vida e os costumes da sociedade helena, comparándoos cos das sociedades actuais, valorando as adaptacións e os cambios experimentados e favorecendo o desenvolvemento dunha cultura compartida.	Coñecer, explicar e relacionar os modos de vida e os costumes da sociedade helena comparándoos cos das sociedades actuais.	PE	90
CA1.6 - Extraer, analizar e reflectir oralmente e/ou por escrito, preferentemente en grego, ou ben na lingua de uso do alumnado, as ideas principais de textos de certa lonxitude, orais e/ou escritos, e adaptados ao nivel de lingua e temas coñecidos polo alumnado, expresados de forma clara e, no caso dos textos orais, preferentemente na pronuncia histórica.	Extraer, analizar e reflectir oralmente e/ou por escrito, en grego, ou ben na lingua de uso do alumnado, as ideas principais de textos de certa lonxitude utilizando o vocabulario apropiado.	TI	10
CA3.2 - Debater sobre a importancia, evolución, asimilación ou cuestionamento de diferentes aspectos do legado grego na nosa sociedade, mediando entre posturas, seleccionando e contrastando información.	Debater, mediando e contrastando información, acerca do legado grego.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Destrezas comunicativas do uso da lingua grega. - Estratexias para a planificación, execución e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e/ou multimodais. - Funcións comunicativas adecuadas ao ámbito e ao contexto: describir acontecementos simples; dar instrucións básicas; narrar, reformular e/ou resumir acontecementos pasados, presentes e/ou futuros; expresar emocións básicas e opinións. - Historia. - Etapas: fitos históricos do mundo grego entre os séculos VIII a. C. e V d. C.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Lendas e principais episodios históricos. - Persoeiros da historia de Grecia e a súa relevancia para a historia de Europa. - Relación de Grecia con culturas estranxeiras: luces (modelo de cultura) e sombras (xenofobia). - O mar Mediterráneo como encrucillada de culturas onte e hoxe: Grecia como ponte de transmisión de cultura.

UD	Título da UD	Duración
3	Sociedade e formas de goberno	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Explicar, a partir de criterios dados, os procesos históricos e políticos, as institucións, os modos de vida e os costumes da sociedade helena, comparándoos cos das sociedades actuais, valorando as adaptacións e os cambios experimentados e favorecendo o desenvolvemento dunha cultura compartida.	Coñecer, explicar e relacionar os modos de vida e os costumes da sociedade helena, comparándoos cos das sociedades actuais.	PE	90
CA4.1 - Explicar, a partir de criterios dados, os procesos históricos e políticos, os modos de vida, as institucións e os costumes da sociedade helena, comparándoos cos das sociedades actuais, valorando as adaptacións e os cambios experimentados e favorecendo o desenvolvemento dunha cultura compartida.	Coñecer, explicar e relacionar os procesos históricos e políticos, as institucións, os modos de vida e os costumes da sociedade helena, comparándoos cos das sociedades actuais.		
CA1.6 - Extraer, analizar e reflectir oralmente e/ou por escrito, preferentemente en grego, ou ben na lingua de uso do alumnado, as ideas principais de textos de certa lonxitude, orais e/ou escritos, e adaptados ao nivel de lingua e temas coñecidos polo alumnado, expresados de forma clara e, no caso dos textos orais, preferentemente na pronuncia histórica.	Extraer e explicar de forma oral, preferentemente, as ideas principais dun texto sobre a sociedade e a política grega.	TI	10
CA3.2 - Debater sobre a importancia, evolución, asimilación ou cuestionamento de diferentes aspectos do legado grego na nosa sociedade, mediando entre posturas, seleccionando e contrastando información.	Debater sobre a importancia e asimilación de diferentes aspectos da sociedade grega, utilizando recursos retóricos e seleccionando e contrastando información e experiencias.		
CA4.2 - Debater sobre a importancia, evolución, asimilación ou cuestionamento de diferentes aspectos do legado grego na nosa sociedade, mediando entre posturas, seleccionando e contrastando información.	Defender e argumentar axeitadamente a postura escollida ou asignada sobre a importancia do legado grego na nosa sociedade e formas de goberno.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Investigar de maneira progresivamente autónoma aspectos do legado da civilización grega no ámbito persoal, relixioso e sociopolítico localizando, seleccionando, contrastando e reelaborando información procedente de diferentes fontes, calibrando a súa fiabilidade e pertinencia e respectando os principios de rigor e propiedade intelectual.	Investigar o legado da civilización grega relacionado coa sociedade e o ámbito persoal de acordo coas normas de busca, selección e reelaboración da información.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Destrezas comunicativas do uso da lingua grega. - Estratexias para a planificación, execución e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e/ou multimodais. - Funcións comunicativas adecuadas ao ámbito e ao contexto: describir acontecementos simples; dar instrucións básicas; narrar, reformular e/ou resumir acontecementos pasados, presentes e/ou futuros; expresar emocións básicas e opinións. - Historia e organización política e social de Grecia como parte esencial da historia e a cultura da sociedade actual. Desmitificación da democracia ateniense. - Institucións, crenzas e formas de vida da civilización grega e o seu reflexo e persistencia na sociedade actual: escravitude e exclusión da muller. - Influencias da cultura grega na civilización latina. - A achega de Grecia á cultura e ao pensamento da sociedade occidental. - Relación de Grecia con culturas estranxeiras: luces (modelo de cultura) e sombras (xenofobia). - O mar Mediterráneo como encrucillada de culturas onte e hoxe: Grecia como ponte de transmisión de cultura. - A importancia do discurso público para a vida política e social. - Obras públicas e urbanismo: construción, conservación, preservación e restauración. - As representacións e festivais teatrais, a súa evolución e persistencia na actualidade. - As competicións atléticas e a súa persistencia na actualidade. - As institucións políticas gregas, a súa influencia e persistencia no sistema político actual. - A educación na antiga Grecia: os modelos educativos de Atenas e Esparta e a súa comparación cos sistemas actuais. - Principais obras artísticas da Antigüidade grega. - Principais sitios arqueolóxicos, museos ou festivais relacionados coa Antigüidade clásica.

UD	Título da UD	Duración
4	Relixión e mitoloxía	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Investigar, de maneira guiada, o patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e cultural herdado da civilización grega, actuando de forma adecuada, empática e respectuosa e interesándose polos procesos de preservación e por aquelas actitudes cívicas que aseguran a súa sustentabilidade.	Investigar algúns dos elementos do patrimonio arqueolóxico, artístico e cultural herdado da civilización grega relacionados coa mitoloxía e a relixión.	PE	98
CA4.3 - Investigar de maneira progresivamente autónoma aspectos do legado da civilización grega no ámbito persoal, relixioso e sociopolítico localizando, seleccionando, contrastando e reelaborando información procedente de diferentes fontes, calibrando a súa fiabilidade e pertinencia e respectando os principios de rigor e propiedade intelectual.	Investigar o legado da civilización grega relacionado coa mitoloxía e a relixión de acordo coas normas de busca, selección e reelaboración da información.		
CA1.6 - Extraer, analizar e reflectir oralmente e/ou por escrito, preferentemente en grego, ou ben na lingua de uso do alumnado, as ideas principais de textos de certa lonxitude, orais e/ou escritos, e adaptados ao nivel de lingua e temas coñecidos polo alumnado, expresados de forma clara e, no caso dos textos orais, preferentemente na pronuncia histórica.	Extraer e explicar de forma oral, preferentemente, as ideas principais dun texto sobre a mitoloxía e a relixión.	TI	2

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Destrezas comunicativas do uso da lingua grega. <ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a planificación, execución e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e/ou multimodais. - Funcións comunicativas adecuadas ao ámbito e ao contexto: describir acontecementos simples; dar instrucións básicas; narrar, reformular e/ou resumir acontecementos pasados, presentes e/ou futuros; expresar emocións básicas e opinións. - Historia. <ul style="list-style-type: none"> - Lendas e principais episodios históricos. - Institucións, crenzas e formas de vida da civilización grega e o seu reflexo e persistencia na sociedade actual: escravitude e exclusión da muller. - Influencias da cultura grega na civilización latina. - A achega de Grecia á cultura e ao pensamento da sociedade occidental. - Relación de Grecia con culturas estranxeiras: luces (modelo de cultura) e sombras (xenofobia). - O mar Mediterráneo como encrucillada de culturas onte e hoxe: Grecia como ponte de transmisión de cultura. - A mitoloxía clásica e a súa persistencia en manifestacións literarias e artísticas. A presenza da mitoloxía clásica na publicidade, o deporte e outras manifestacións populares actuais.

UD	Título da UD	Duración
5	Historia da lingua grega. O alfabeto	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Deducir o significado etimolóxico dun termo de uso común e inferir o significado de termos de nova aparición ou procedentes de léxico especializado aplicando, de maneira guiada, estratexias de recoñecemento de étimos e formantes gregos atendendo aos cambios fonéticos, morfolóxicos ou semánticos que tivesen lugar.	Deducir o significado etimolóxico de vocabulario de nova aparición ou procedentes de léxico especializado aplicando raíces e formantes gregos coñecidos.	PE	90
CA2.2 - Explicar, de maneira guiada, a relación do grego coas linguas modernas, analizando os elementos lingüísticos comúns de orixe grega e utilizando con iniciativa estratexias e coñecementos das linguas e linguaxes que conforman o repertorio propio.	Explicar a relación do grego clásico con outras linguas, especialmente co grego moderno, a través de elementos como o vocabulario e os neoloxismos.		
CA1.6 - Extraer, analizar e reflectir oralmente e/ou por escrito, preferentemente en grego, ou ben na lingua de uso do alumnado, as ideas principais de textos de certa lonxitude, orais e/ou escritos, e adaptados ao nivel de lingua e temas coñecidos polo alumnado, expresados de forma clara e, no caso dos textos orais, preferentemente na pronuncia histórica.	Extraer, analizar e reflectir oralmente en grego as ideas principais de textos adaptados ao nivel de lingua do alumnado, utilizando correctamente a prosodia e preferentemente na pronuncia histórica.	TI	10
CA1.9 - Explicar, de maneira guiada, a relación do grego coas linguas modernas, analizando os elementos lingüísticos comúns de orixe grega e utilizando estratexias e coñecementos das linguas e linguaxes que conforman o repertorio propio.	Detectar e explicar o uso actual do alfabeto grego noutras linguas e noutros sistemas de escritura.		
CA2.3 - Identificar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da diversidade como riqueza cultural, lingüística e dialectal, a partir de criterios dados.	Identificar prexuízos e estereotipos con respecto ás familias lingüísticas e ao alfabeto, adoptando actitudes de respecto e valorando a diversidade.		
CA3.3 - Investigar, de maneira guiada, o patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e cultural herdado da civilización grega, actuando de forma adecuada, empática e respectuosa e interesándose polos procesos de preservación e por aquelas actitudes cívicas que aseguran a súa sustentabilidade.	Investigar os elementos do patrimonio herdado da civilización grega relacionados co alfabeto e o seu uso axeitado.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Unidades lingüísticas da lingua grega. - Alfabeto, prosodia e signos gráficos da lingua grega clásica. Aproximación ás principais leis fonéticas. - Sistemas de escritura ao longo da historia. - O alfabeto grego: a súa historia e influencia posterior. Regras de transcrición do alfabeto grego ás linguas do repertorio do alumnado.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Do indoeuropeo ao grego. Etapas da lingua grega. - Influencia do grego na evolución da lingua de ensino e do resto de linguas que conforman o repertorio lingüístico individual do alumnado. - Expresións e léxico específico básico para reflexionar e compartir a reflexión sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe). - Respecto por todas as linguas e aceptación das diferenzas culturais das xentes que as falan. - Aproximación aos termos e expresións máis usuais de uso frecuente do grego moderno. - Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con estudantes de grego no ámbito transnacional. - Influencias da cultura grega na civilización latina. - A achega de Grecia á cultura e ao pensamento da sociedade occidental.

UD	Título da UD	Duración
6	Morfoloxía nominal I: declinacións	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Realizar traducións directas e/ou inversas de textos ou fragmentos adaptados ou orixinais de dificultade adecuada e progresiva con corrección ortográfica e expresiva, identificando e analizando, cando se considere necesario, unidades lingüísticas regulares da lingua e apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas.	Realizar traducións de textos adaptados ou orixinais de dificultade adecuada e progresiva con corrección, identificando e analizando elementos da morfoloxía nominal.	PE	72
CA1.3 - Revisar e emendar de maneira progresivamente autónoma as propias traducións e as das compañeiras e compañeiros, realizando propostas de mellora e argumentando os cambios con terminoloxía especializada a partir da reflexión lingüística.	Revisar e emendar elementos da morfoloxía nominal nas traducións, realizando propostas de mellora e argumentando os cambios.		
CA1.8 - Redactar en grego, a partir de criterios dados, textos básicos de estrutura clara, evitando erros que impidan a comprensión.	Redactar en grego, a partir de criterios dados, textos básicos de estrutura clara, evitando erros no que respecta á morfoloxía nominal.		
CA1.4 - Realizar a lectura directa de textos gregos sinxelos identificando as unidades lingüísticas básicas da lingua grega, comparándoas coas das linguas do repertorio lingüístico propio e asimilando os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais do grego.	Realizar a lectura directa de textos gregos sinxelos identificando as unidades lingüísticas básicas da lingua grega e asimilando os aspectos da morfoloxía nominal.	TI	28

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Rexistrar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua grega, seleccionando as estratexias máis adecuadas e eficaces para superar esas dificultades e consolidar a súa aprendizaxe, realizando actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe, facéndoos explícitos e compartíndoos.	Rexistrar os progresos e dificultades de aprendizaxe de elementos da morfoloxía nominal, realizando actividades de planificación, autoavaliación e coavaliación.		
CA1.7 - Planificar e participar, cando se considere necesario, en diálogos breves e sinxelos sobre temas cotiáns, próximos á súa experiencia, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e as opinións das persoas interlocutoras.	Planificar e participar en diálogos breves e sinxelos sobre temas cotiáns, utilizando correctamente elementos da morfoloxía nominal.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Unidades lingüísticas da lingua grega. - Clases de palabras. - Concepto de lingua flexiva: flexión nominal e pronominal (sistema casual e declinacións); flexión verbal (introdución á tipoloxía do verbo grego). - Estruturas oracionais. A concordancia e a orde de palabras en oracións simples e oracións compostas. Comparativa coa orde natural das palabras nas oracións das linguas de repertorio do alumnado para unha mellor comprensión. - A tradución: técnicas, procesos e ferramentas. - A análise morfosintáctica como ferramenta complementaria de tradución. - Estratexias de tradución: formulación de expectativas a partir, entre outros, de: contorna textual e do propio texto, contexto, coñecemento do tema, descrición da estrutura e xénero, peculiaridades lingüísticas dos textos traducidos, erros frecuentes de tradución e técnicas para os evitar. - Lectura comparada de diferentes traducións e comentario de textos bilingües a partir de terminoloxía metalingüística. - Recursos estilísticos frecuentes e a súa relación co contido do texto. - Estratexias básicas de retroversión de textos breves. Concepto e uso de expresións idiomáticas. - A tradución como instrumento que pode favorecer o razoamento lóxico, a resolución de problemas e a capacidade de análise e síntese, dentro dos límites e inconsistencias propias da tradución. - Aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe e actitude positiva de superación. - Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación. - Destrezas comunicativas do uso da lingua grega. - Estratexias para a planificación, execución e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e/ou multimodais. - Funcións comunicativas adecuadas ao ámbito e ao contexto: describir acontecementos simples; dar instrucións básicas; narrar, reformular e/ou resumir acontecementos pasados, presentes e/ou futuros; expresar emocións

Contidos
- básicas e opinións. - Estratexias básicas conversacionais para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións etc. - Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes de grego en grego, cando fose posible.

UD	Título da UD	Duración
7	Morfoloxía nominal II: pronomes	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Realizar traducións directas e/ou inversas de textos ou fragmentos adaptados ou orixinais de dificultade adecuada e progresiva con corrección ortográfica e expresiva, identificando e analizando, cando se considere necesario, unidades lingüísticas regulares da lingua e apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas.	Realizar traducións de textos adaptados ou orixinais de dificultade adecuada e progresiva con corrección, identificando e analizando elementos do sistema pronominal.	PE	72
CA1.3 - Revisar e emendar de maneira progresivamente autónoma as propias traducións e as das compañeiras e compañeiros, realizando propostas de mellora e argumentando os cambios con terminoloxía especializada a partir da reflexión lingüística.	Revisar e emendar elementos da morfoloxía pronominal nas traducións, realizando propostas de mellora e argumentando os cambios.		
CA1.8 - Redactar en grego, a partir de criterios dados, textos básicos de estrutura clara, evitando erros que impidan a comprensión.	Redactar en grego, a partir de criterios dados, textos básicos de estrutura clara, evitando erros no que respecta á morfoloxía nominal.		
CA1.4 - Realizar a lectura directa de textos gregos sinxelos identificando as unidades lingüísticas básicas da lingua grega, comparándoas coas das linguas do repertorio lingüístico propio e asimilando os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais do grego.	Realizar a lectura directa de textos gregos sinxelos identificando as unidades lingüísticas básicas da lingua grega e asimilando os aspectos da morfoloxía pronominal.	TI	28
CA1.5 - Rexistrar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua grega, seleccionando as estratexias máis adecuadas e eficaces para superar esas dificultades e consolidar a súa aprendizaxe, realizando actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe, facéndoos explícitos e compartíndoos.	Rexistrar os progresos e dificultades de aprendizaxe de elementos da morfoloxía pronominal, realizando actividades de planificación, autoavaliación e coavaliación.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Planificar e participar, cando se considere necesario, en diálogos breves e sinxelos sobre temas cotiáns, próximos á súa experiencia, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e as opinións das persoas interlocutoras.	Planificar e participar en diálogos breves e sinxelos sobre temas cotiáns, utilizando correctamente elementos da morfoloxía pronominal.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Unidades lingüísticas da lingua grega. <ul style="list-style-type: none"> - Clases de palabras. - Concepto de lingua flexiva: flexión nominal e pronominal (sistema casual e declinacións); flexión verbal (introdución á tipoloxía do verbo grego). - Estruturas oracionais. A concordancia e a orde de palabras en oracións simples e oracións compostas. Comparativa coa orde natural das palabras nas oracións das linguas de repertorio do alumnado para unha mellor comprensión. - A tradución: técnicas, procesos e ferramentas. <ul style="list-style-type: none"> - A análise morfosintáctica como ferramenta complementaria de tradución. - Estratexias de tradución: formulación de expectativas a partir, entre outros, de: contorna textual e do propio texto, contexto, coñecemento do tema, descrición da estrutura e xénero, peculiaridades lingüísticas dos textos traducidos, erros frecuentes de tradución e técnicas para os evitar. - Lectura comparada de diferentes traducións e comentario de textos bilingües a partir de terminoloxía metalingüística. - Recursos estilísticos frecuentes e a súa relación co contido do texto. - Estratexias básicas de retroversión de textos breves. Concepto e uso de expresións idiomáticas. - A tradución como instrumento que pode favorecer o razoamento lóxico, a resolución de problemas e a capacidade de análise e síntese, dentro dos límites e inconsistencias propias da tradución. - Aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe e actitude positiva de superación. - Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación. - Destrezas comunicativas do uso da lingua grega. <ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a planificación, execución e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e/ou multimodais. - Funcións comunicativas adecuadas ao ámbito e ao contexto: describir acontecementos simples; dar instrucións básicas; narrar, reformular e/ou resumir acontecementos pasados, presentes e/ou futuros; expresar emocións básicas e opinións. - Estratexias básicas conversacionais para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións etc. - Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes de grego en grego, cando fose posible.

UD	Título da UD	Duración
8	Morfología verbal I	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Realizar traducións directas e/ou inversas de textos ou fragmentos adaptados ou orixinais de dificultade adecuada e progresiva con corrección ortográfica e expresiva, identificando e analizando, cando se considere necesario, unidades lingüísticas regulares da lingua e apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas.	Realizar traducións de textos adaptados ou orixinais de dificultade adecuada e progresiva con corrección, identificando e analizando elementos da morfología verbal.	PE	72
CA1.3 - Revisar e emendar de maneira progresivamente autónoma as propias traducións e as das compañeiras e compañeiros, realizando propostas de mellora e argumentando os cambios con terminoloxía especializada a partir da reflexión lingüística.	Revisar e emendar elementos da morfología verbal nas traducións, realizando propostas de mellora e argumentando os cambios.		
CA1.8 - Redactar en grego, a partir de criterios dados, textos básicos de estrutura clara, evitando erros que impidan a comprensión.	Redactar en grego, a partir de criterios dados, textos básicos de estrutura clara, evitando erros no que respecta á morfología verbal.		
CA1.4 - Realizar a lectura directa de textos gregos sinxelos identificando as unidades lingüísticas básicas da lingua grega, comparándoas coas das linguas do repertorio lingüístico propio e asimilando os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais do grego.	Realizar a lectura directa de textos gregos sinxelos identificando as unidades lingüísticas básicas da lingua grega e asimilando os aspectos da morfología verbal.	TI	28
CA1.5 - Rexistrar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua grega, seleccionando as estratexias máis adecuadas e eficaces para superar esas dificultades e consolidar a súa aprendizaxe, realizando actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portafolio Europeo das Linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe, facéndoos explícitos e compartíndoos.	Rexistrar os progresos e dificultades de aprendizaxe de elementos da morfología verbal, realizando actividades de planificación, autoavaliación e coavaliación.		
CA1.7 - Planificar e participar, cando se considere necesario, en diálogos breves e sinxelos sobre temas cotiáns, próximos á súa experiencia, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e as opinións das persoas interlocutoras.	Planificar e participar en diálogos breves e sinxelos sobre temas cotiáns, utilizando correctamente elementos da morfología verbal.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Unidades lingüísticas da lingua grega. - Clases de palabras.

Contidos

- Concepto de lingua flexiva: flexión nominal e pronominal (sistema casual e declinacións); flexión verbal (introdución á tipoloxía do verbo grego).
- Estruturas oracionais. A concordancia e a orde de palabras en oracións simples e oracións compostas. Comparativa coa orde natural das palabras nas oracións das linguas de repertorio do alumnado para unha mellor comprensión.
- A tradución: técnicas, procesos e ferramentas.
- A análise morfosintáctica como ferramenta complementaria de tradución.
- Estratexias de tradución: formulación de expectativas a partir, entre outros, de: contorna textual e do propio texto, contexto, coñecemento do tema, descrición da estrutura e xénero, peculiaridades lingüísticas dos textos traducidos, erros frecuentes de tradución e técnicas para os evitar.
- Lectura comparada de diferentes traducións e comentario de textos bilingües a partir de terminoloxía metalingüística.
- Recursos estilísticos frecuentes e a súa relación co contido do texto.
- Estratexias básicas de retroversión de textos breves. Concepto e uso de expresións idiomáticas.
- A tradución como instrumento que pode favorecer o razoamento lóxico, a resolución de problemas e a capacidade de análise e síntese, dentro dos límites e inconsistencias propias da tradución.
- Aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe e actitude positiva de superación.
- Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.
- Destrezas comunicativas do uso da lingua grega.
- Estratexias para a planificación, execución e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e/ou multimodais.
- Funcións comunicativas adecuadas ao ámbito e ao contexto: describir acontecementos simples; dar instrucións básicas; narrar, reformular e/ou resumir acontecementos pasados, presentes e/ou futuros; expresar emocións básicas e opinións.
- Estratexias básicas conversacionais para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións etc.
- Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes de grego en grego, cando fose posible.

UD	Título da UD	Duración
9	Morfoloxía verbal II. formas nominais	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Realizar traducións directas e/ou inversas de textos ou fragmentos adaptados ou orixinais de dificultade adecuada e progresiva con corrección ortográfica e expresiva, identificando e analizando, cando se considere necesario, unidades lingüísticas regulares da lingua e apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas.	Realizar traducións de textos adaptados ou orixinais de dificultade adecuada e progresiva con corrección, identificando e analizando as formas nominais dos verbos.	PE	72
CA1.3 - Revisar e emendar de maneira progresivamente autónoma as propias traducións e as das compañeiras e compañeiros, realizando propostas de mellora e argumentando os cambios con terminoloxía especializada a partir da reflexión lingüística.	Revisar e emendar elementos das formas nominais dos verbos nas traducións, realizando propostas de mellora e argumentando os cambios.		
CA1.8 - Redactar en grego, a partir de criterios dados, textos básicos de estrutura clara, evitando erros que impidan a comprensión.	Redactar en grego, a partir de criterios dados, textos básicos de estrutura clara, evitando erros no que respecta ás formas nominais dos verbos.		
CA1.4 - Realizar a lectura directa de textos gregos sinxelos identificando as unidades lingüísticas básicas da lingua grega, comparándoas coas das linguas do repertorio lingüístico propio e asimilando os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais do grego.	Realizar a lectura directa de textos gregos sinxelos identificando as unidades lingüísticas básicas do sistema verbal grego e asimilando as formas nominais dos verbos.	TI	28
CA1.5 - Rexistrar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua grega, seleccionando as estratexias máis adecuadas e eficaces para superar esas dificultades e consolidar a súa aprendizaxe, realizando actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe, facéndoos explícitos e compartíndoos.	Rexistrar os progresos e dificultades de aprendizaxe das formas nominais dos verbos, realizando actividades de planificación, autoavaliación e coavaliación.		
CA1.7 - Planificar e participar, cando se considere necesario, en diálogos breves e sinxelos sobre temas cotiáns, próximos á súa experiencia, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e as opinións das persoas interlocutoras.	Planificar e participar en diálogos breves e sinxelos sobre temas cotiáns, utilizando correctamente as formas nominais dos verbos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Unidades lingüísticas da lingua grega. - Clases de palabras. - Concepto de lingua flexiva: flexión nominal e pronominal (sistema casual e declinacións); flexión verbal (introdución á tipoloxía do verbo grego). - Estruturas oracionais. A concordancia e a orde de palabras en oracións simples e oracións compostas. Comparativa coa orde natural das palabras nas oracións das linguas de repertorio do alumnado para unha mellor comprensión. - Formas nominais do verbo.

Contidos

- A tradución: técnicas, procesos e ferramentas.
- A análise morfosintáctica como ferramenta complementaria de tradución.
- Estratexias de tradución: formulación de expectativas a partir, entre outros, de: contorna textual e do propio texto, contexto, coñecemento do tema, descrición da estrutura e xénero, peculiaridades lingüísticas dos textos traducidos, erros frecuentes de tradución e técnicas para os evitar.
- Lectura comparada de diferentes traducións e comentario de textos bilingües a partir de terminoloxía metalingüística.
- Recursos estilísticos frecuentes e a súa relación co contido do texto.
- Estratexias básicas de retroversión de textos breves. Concepto e uso de expresións idiomáticas.
- A tradución como instrumento que pode favorecer o razoamento lóxico, a resolución de problemas e a capacidade de análise e síntese, dentro dos límites e inconsistencias propias da tradución.
- Aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe e actitude positiva de superación.
- Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.
- Destrezas comunicativas do uso da lingua grega.
- Estratexias para a planificación, execución e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e/ou multimodais.
- Funcións comunicativas adecuadas ao ámbito e ao contexto: describir acontecementos simples; dar instrucións básicas; narrar, reformular e/ou resumir acontecementos pasados, presentes e/ou futuros; expresar emocións básicas e opinións.
- Estratexias básicas conversacionais para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións etc.
- Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes de grego en grego, cando fose posible.

UD	Título da UD	Duración
10	Sintaxe I: valores dos casos	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Realizar traducións directas e/ou inversas de textos ou fragmentos adaptados ou orixinais de dificultade adecuada e progresiva con corrección ortográfica e expresiva, identificando e analizando, cando se considere necesario, unidades lingüísticas regulares da lingua e apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas.	Realizar traducións de textos adaptados ou orixinais de dificultade adecuada e progresiva con corrección, identificando e analizando os valores dos casos.	PE	72
CA1.3 - Revisar e emendar de maneira progresivamente autónoma as propias traducións e as das compañeiras e compañeiros, realizando propostas de mellora e argumentando os cambios con terminoloxía especializada a partir da reflexión lingüística.	Revisar e emendar os valores dos casos nas traducións, realizando propostas de mellora e argumentando os cambios.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.8 - Redactar en grego, a partir de criterios dados, textos básicos de estrutura clara, evitando erros que impidan a comprensión.	Redactar en grego, a partir de criterios dados, textos básicos de estrutura clara, evitando erros no que respecta aos valores dos casos.		
CA1.4 - Realizar a lectura directa de textos gregos sinxelos identificando as unidades lingüísticas básicas da lingua grega, comparándoas coas das linguas do repertorio lingüístico propio e asimilando os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais do grego.	Realizar a lectura directa de textos gregos sinxelos identificando as unidades lingüísticas básicas da lingua grega e asimilando os valores dos casos.		
CA1.5 - Rexistrar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua grega, seleccionando as estratexias máis adecuadas e eficaces para superar esas dificultades e consolidar a súa aprendizaxe, realizando actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe, facéndoos explícitos e compartíndoos.	Rexistrar os progresos e dificultades de aprendizaxe dos valores dos casos, realizando actividades de planificación, autoavaliación e coavaliación.	TI	28
CA1.7 - Planificar e participar, cando se considere necesario, en diálogos breves e sinxelos sobre temas cotiáns, próximos á súa experiencia, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e as opinións das persoas interlocutoras.	Planificar e participar en diálogos breves e sinxelos sobre temas cotiáns, utilizando correctamente os valores dos casos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Unidades lingüísticas da lingua grega. - Clases de palabras. - Concepto de lingua flexiva: flexión nominal e pronominal (sistema casual e declinacións); flexión verbal (introdución á tipoloxía do verbo grego). - Sintaxe oracional: funcións básicas e sintaxe elemental dos casos. - Estruturas oracionais. A concordancia e a orde de palabras en oracións simples e oracións compostas. Comparativa coa orde natural das palabras nas oracións das linguas de repertorio do alumnado para unha mellor comprensión. - A tradución: técnicas, procesos e ferramentas. - A análise morfosintáctica como ferramenta complementaria de tradución. - Estratexias de tradución: formulación de expectativas a partir, entre outros, de: contorna textual e do propio texto, contexto, coñecemento do tema, descrición da estrutura e xénero, peculiaridades lingüísticas dos textos traducidos, erros frecuentes de tradución e técnicas para os evitar. - Lectura comparada de diferentes traducións e comentario de textos bilingües a partir de terminoloxía metalingüística. - Recursos estilísticos frecuentes e a súa relación co contido do texto. - Estratexias básicas de retroversión de textos breves. Concepto e uso de expresións idiomáticas.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A tradución como instrumento que pode favorecer o razoamento lóxico, a resolución de problemas e a capacidade de análise e síntese, dentro dos límites e inconsistencias propias da tradución. - Aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe e actitude positiva de superación. - Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación. - Destrezas comunicativas do uso da lingua grega. - Estratexias para a planificación, execución e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e/ou multimodais. - Funcións comunicativas adecuadas ao ámbito e ao contexto: describir acontecementos simples; dar instrucións básicas; narrar, reformular e/ou resumir acontecementos pasados, presentes e/ou futuros; expresar emocións básicas e opinións. - Estratexias básicas conversacionais para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións etc. - Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes de grego en grego, cando fose posible.

UD	Título da UD	Duración
11	Sintaxe II: oración de relativo	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Realizar traducións directas e/ou inversas de textos ou fragmentos adaptados ou orixinais de dificultade adecuada e progresiva con corrección ortográfica e expresiva, identificando e analizando, cando se considere necesario, unidades lingüísticas regulares da lingua e apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas.	Realizar traducións de textos adaptados ou orixinais de dificultade adecuada e progresiva con corrección, identificando e analizando elementos da subordinación e da oración de relativo.	PE	72
CA1.3 - Revisar e emendar de maneira progresivamente autónoma as propias traducións e as das compañeiras e compañeiros, realizando propostas de mellora e argumentando os cambios con terminoloxía especializada a partir da reflexión lingüística.	Revisar e emendar elementos da subordinación e da oración de relativo nas traducións, realizando propostas de mellora e argumentando os cambios.		
CA1.8 - Redactar en grego, a partir de criterios dados, textos básicos de estrutura clara, evitando erros que impidan a comprensión.	Redactar en grego, a partir de criterios dados, textos básicos de estrutura clara, evitando erros no que respecta á subordinación e á oración de relativo.		
CA1.4 - Realizar a lectura directa de textos gregos sinxelos identificando as unidades lingüísticas básicas da lingua grega, comparándoas coas das linguas do repertorio lingüístico propio e asimilando os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais do grego.	Realizar a lectura directa de textos gregos sinxelos identificando as unidades lingüísticas básicas da lingua grega e asimilando os aspectos da subordinación e da oración de relativo.	TI	28

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Rexistrar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua grega, seleccionando as estratexias máis adecuadas e eficaces para superar esas dificultades e consolidar a súa aprendizaxe, realizando actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe, facéndoos explícitos e compartíndoos.	Rexistrar os progresos e dificultades de aprendizaxe de elementos da subordinación e da oración de relativo, realizando actividades de planificación, autoavaliación e coavaliación.		
CA1.7 - Planificar e participar, cando se considere necesario, en diálogos breves e sinxelos sobre temas cotiáns, próximos á súa experiencia, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e as opinións das persoas interlocutoras.	Planificar e participar en diálogos breves e sinxelos sobre temas cotiáns, utilizando correctamente elementos da subordinación e da oración de relativo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Unidades lingüísticas da lingua grega. - Clases de palabras. - Concepto de lingua flexiva: flexión nominal e pronominal (sistema casual e declinacións); flexión verbal (introdución á tipoloxía do verbo grego). - Sintaxe oracional: funcións básicas e sintaxe elemental dos casos. - Estruturas oracionais. A concordancia e a orde de palabras en oracións simples e oracións compostas. Comparativa coa orde natural das palabras nas oracións das linguas de repertorio do alumnado para unha mellor comprensión. - A tradución: técnicas, procesos e ferramentas. - A análise morfosintáctica como ferramenta complementaria de tradución. - Estratexias de tradución: formulación de expectativas a partir, entre outros, de: contorna textual e do propio texto, contexto, coñecemento do tema, descrición da estrutura e xénero, peculiaridades lingüísticas dos textos traducidos, erros frecuentes de tradución e técnicas para os evitar. - Lectura comparada de diferentes traducións e comentario de textos bilingües a partir de terminoloxía metalingüística. - Recursos estilísticos frecuentes e a súa relación co contido do texto. - Estratexias básicas de retroversión de textos breves. Concepto e uso de expresións idiomáticas. - A tradución como instrumento que pode favorecer o razoamento lóxico, a resolución de problemas e a capacidade de análise e síntese, dentro dos límites e inconsistencias propias da tradución. - Aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe e actitude positiva de superación. - Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación. - Destrezas comunicativas do uso da lingua grega. - Estratexias para a planificación, execución e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e/ou multimodais.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Funcións comunicativas adecuadas ao ámbito e ao contexto: describir acontecementos simples; dar instrucións básicas; narrar, reformular e/ou resumir acontecementos pasados, presentes e/ou futuros; expresar emocións básicas e opinións. - Estratexias básicas conversacionais para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións etc. - Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes de grego en grego, cando fose posible.

UD	Título da UD	Duración
12	Vocabulario e etimoloxía	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Realizar traducións directas e/ou inversas de textos ou fragmentos adaptados ou orixinais de dificultade adecuada e progresiva con corrección ortográfica e expresiva, identificando e analizando, cando se considere necesario, unidades lingüísticas regulares da lingua e apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas.	Interpretar textos e realizar traducións directas escollendo os significados axeitados para cada termo valorando as coincidencias con outras linguas.	PE	87
CA1.2 - Seleccionar de maneira progresivamente autónoma o significado apropiado de palabras polisémicas e xustificar a decisión, tendo en conta a información cotextual ou contextual e utilizando ferramentas diversas de apoio ao proceso de tradución en distintos soportes, cando se considere necesario.	Seleccionar os significados apropiados en cada texto utilizando ferramentas diversas de apoio ao proceso de tradución en distintos soportes, cando se considere necesario.		
CA1.3 - Revisar e emendar de maneira progresivamente autónoma as propias traducións e as das compañeiras e compañeiros, realizando propostas de mellora e argumentando os cambios con terminoloxía especializada a partir da reflexión lingüística.	Revisar e emendar de maneira progresivamente autónoma as traducións, realizando propostas de mellora.		
CA1.8 - Redactar en grego, a partir de criterios dados, textos básicos de estrutura clara, evitando erros que impidan a comprensión.	Redactar en grego, a partir de criterios dados, textos básicos de estrutura clara utilizando o vocabulario apropiado.		
CA2.1 - Deducir o significado etimolóxico dun termo de uso común e inferir o significado de termos de nova aparición ou procedentes de léxico especializado aplicando, de maneira guiada, estratexias de recoñecemento de étimos e formantes gregos atendendo aos cambios fonéticos, morfolóxicos ou semánticos que tivesen lugar.	Deducir o significado etimolóxico de vocabulario de nova aparición ou procedentes de léxico especializado aplicando raíces e formantes gregos coñecidos.		
CA2.4 - Crear textos individuais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos da civilización e a cultura grega como fonte de inspiración.	Crear textos individuais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes, utilizando o vocabulario apropiado.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Realizar a lectura directa de textos gregos sinxelos identificando as unidades lingüísticas básicas da lingua grega, comparándoas coas das linguas do repertorio lingüístico propio e asimilando os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais do grego.	Realizar a lectura directa de textos gregos sinxelos identificando os significados e os aspectos léxicos, comparándoos cos das linguas do repertorio lingüístico propio.		
CA1.5 - Rexistrar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua grega, seleccionando as estratexias máis adecuadas e eficaces para superar esas dificultades e consolidar a súa aprendizaxe, realizando actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe, facéndoos explícitos e compartíndoos.	Rexistrar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua grega.		
CA1.6 - Extraer, analizar e reflectir oralmente e/ou por escrito, preferentemente en grego, ou ben na lingua de uso do alumnado, as ideas principais de textos de certa lonxitude, orais e/ou escritos, e adaptados ao nivel de lingua e temas coñecidos polo alumnado, expresados de forma clara e, no caso dos textos orais, preferentemente na pronuncia histórica.	Extraer, analizar e reflectir oralmente e/ou por escrito, en grego, ou ben na lingua de uso do alumnado, as ideas principais de textos de certa lonxitude utilizando o vocabulario apropiado.		
CA1.7 - Planificar e participar, cando se considere necesario, en diálogos breves e sinxelos sobre temas cotiáns, próximos á súa experiencia, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e as opinións das persoas interlocutoras.	Planificar e participar, cando se considere necesario, en diálogos breves e sinxelos sobre temas cotiáns, próximos á súa experiencia utilizando o vocabulario apropiado.	TI	13
CA1.9 - Explicar, de maneira guiada, a relación do grego coas linguas modernas, analizando os elementos lingüísticos comúns de orixe grega e utilizando estratexias e coñecementos das linguas e linguaxes que conforman o repertorio propio.	Atopar e explicar semellanzas de vocabulario entre as diversas linguas coñecidas polo alumnado.		
CA2.2 - Explicar, de maneira guiada, a relación do grego coas linguas modernas, analizando os elementos lingüísticos comúns de orixe grega e utilizando con iniciativa estratexias e coñecementos das linguas e linguaxes que conforman o repertorio propio.	Explicar a relación do grego clásico con outras linguas, especialmente co grego moderno, a través de elementos como o vocabulario e os neoloxismos.		
CA2.3 - Identificar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da diversidade como riqueza cultural, lingüística e dialectal, a partir de criterios dados.	Identificar prexuízos e estereotipos con respecto ao léxico, adoptando actitudes de respecto e valorando a diversidade.		
CA3.3 - Investigar, de maneira guiada, o patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e cultural herdado da civilización grega, actuando de forma adecuada, empática e respectuosa e interesándose polos procesos de preservación e por aquelas actitudes cívicas que aseguran a súa sustentabilidade.	Investigar os elementos do patrimonio herdado da civilización grega relacionados co vocabulario e a etimoloxía.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- A tradución: técnicas, procesos e ferramentas.
- Estratexias de tradución: formulación de expectativas a partir, entre outros, de: contorna textual e do propio texto, contexto, coñecemento do tema, descrición da estrutura e xénero, peculiaridades lingüísticas dos textos traducidos, erros frecuentes de tradución e técnicas para os evitar.
- Ferramentas de tradución, cando se considere necesario.
- Lectura comparada de diferentes traducións e comentario de textos bilingües a partir de terminoloxía metalingüística.
- Recursos estilísticos frecuentes e a súa relación co contido do texto.
- Estratexias básicas de retroversión de textos breves. Concepto e uso de expresións idiomáticas.
- A tradución como instrumento que pode favorecer o razoamento lóxico, a resolución de problemas e a capacidade de análise e síntese, dentro dos límites e inconsistencias propias da tradución.
- Aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe e actitude positiva de superación.
- Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.
- Destrezas comunicativas do uso da lingua grega.
- Estratexias para a planificación, execución e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e/ou multimodais.
- Funcións comunicativas adecuadas ao ámbito e ao contexto: describir acontecementos simples; dar instrucións básicas; narrar, reformular e/ou resumir acontecementos pasados, presentes e/ou futuros; expresar emocións básicas e opinións.
- Léxico común de interese e/ou uso cotián para o alumnado: espazo, tempo e/ou vida diaria. Estratexias de enriquecemento léxico (derivación, polisemia, sinonimia...).
- Estratexias básicas conversacionais para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións etc.
- Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes de grego en grego, cando fose posible.
- Influencia do grego na evolución da lingua de ensino e do resto de linguas que conforman o repertorio lingüístico individual do alumnado.
- Léxico.
- Procedementos básicos de composición e derivación na formación de palabras gregas.
- Lexemas, sufixos e prefixos de orixe grega no léxico de uso común e no específico das ciencias e a técnica nos léxicos especializados doutros campos.
- Significado e definición de palabras de uso común na lingua de ensino a partir dos seus étimos gregos nas linguas repertorio lingüístico do alumnado; reflexión sobre significado etimolóxico e significado semántico.
- Importancia e versatilidade do grego para crear neoloxismos ao longo da historia e na actualidade.
- Técnicas básicas para a elaboración de familias léxicas e dun vocabulario básico grego de frecuencia.
- Interese por coñecer o significado etimolóxico das palabras e recoñecemento da importancia do uso adecuado do vocabulario como instrumento básico na comunicación.
- Expresións e léxico específico básico para reflexionar e compartir a reflexión sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Aproximación aos termos e expresións máis usuais de uso frecuente do grego moderno.
- Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con

Contidos

- estudantes de grego no ámbito transnacional.
- A achega de Grecia á cultura e ao pensamento da sociedade occidental.

UD	Título da UD	Duración
13	Legado grego	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Explicar, de maneira guiada, a relación do grego coas linguas modernas, analizando os elementos lingüísticos comúns de orixe grega e utilizando con iniciativa estratexias e coñecementos das linguas e linguaxes que conforman o repertorio propio.	Atopar e explicar elementos lingüísticos do grego nas linguas modernas, utilizando estratexias e coñecementos das linguas e linguaxes que conforman o repertorio propio.	PE	30
CA2.3 - Identificar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da diversidade como riqueza cultural, lingüística e dialectal, a partir de criterios dados.	Identificar prexuízos e estereotipos lingüísticos nas linguas que conforman o repertorio propio, adoptando actitudes de respecto e valorando a diversidade.	TI	70
CA3.3 - Investigar, de maneira guiada, o patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e cultural herdado da civilización grega, actuando de forma adecuada, empática e respectuosa e interesándose polos procesos de preservación e por aquelas actitudes cívicas que aseguran a súa sustentabilidade.	Investigar o patrimonio herdado da civilización grega e sinalar elementos necesarios para a súa preservación e utilización axeitada.		
CA4.1 - Explicar, a partir de criterios dados, os procesos históricos e políticos, os modos de vida, as institucións e os costumes da sociedade helena, comparándoos cos das sociedades actuais, valorando as adaptacións e os cambios experimentados e favorecendo o desenvolvemento dunha cultura compartida.	Coñecer, explicar e relacionar os procesos históricos e políticos, as institucións, os modos de vida e os costumes da sociedade helena, comparándoos cos das sociedades actuais.		
CA4.2 - Debater sobre a importancia, evolución, asimilación ou cuestionamento de diferentes aspectos do legado grego na nosa sociedade, mediando entre posturas, seleccionando e contrastando información.	Defender e argumentar axeitadamente a postura escollida ou asignada sobre a importancia do legado grego na nosa sociedade.		
CA4.3 - Investigar de maneira progresivamente autónoma aspectos do legado da civilización grega no ámbito persoal, relixioso e sociopolítico localizando, seleccionando, contrastando e reelaborando información procedente de diferentes fontes, calibrando a súa fiabilidade e pertinencia e respectando os principios de rigor e propiedade intelectual.	Investigar o legado da civilización grega facendo unha busca, selección e reelaboración axeitada e respectuosa da información.		
CA4.4 - Identificar e explicar o legado material e inmaterial da civilización grega como fonte de inspiración, analizando producións culturais e artísticas posteriores a partir de criterios dados.	Analizar obras de arte dadas e identificar e explicar o legado da civilización grega como fonte de inspiración.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.6 - Explorar o legado grego na contorna do alumnado a partir de criterios dados, aplicando os coñecementos adquiridos e reflexionando sobre as implicacións dos seus distintos usos, dando exemplos da persistencia da Antigüidade clásica na súa vida cotiá e presentando os resultados a través de diferentes soportes.	Explorar o legado grego na contorna do alumnado, aplicando os coñecementos adquiridos e reflexionando sobre os seus distintos usos e presentando os resultados a través de diferentes soportes.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Influencia do grego na evolución da lingua de ensino e do resto de linguas que conforman o repertorio lingüístico individual do alumnado. - Léxico. - Importancia e versatilidade do grego para crear neoloxismos ao longo da historia e na actualidade. - Respecto por todas as linguas e aceptación das diferenzas culturais das xentes que as falan. - Aproximación aos termos e expresións máis usuais de uso frecuente do grego moderno. - Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con estudantes de grego no ámbito transnacional. - Influencias da cultura grega na civilización latina. - A achega de Grecia á cultura e ao pensamento da sociedade occidental. - Relación de Grecia con culturas estranxeiras: luces (modelo de cultura) e sombras (xenofobia). - O mar Mediterráneo como encrucillada de culturas onte e hoxe: Grecia como ponte de transmisión de cultura. - A importancia do discurso público para a vida política e social. - Conceptos de legado, herdanza e patrimonio. - A mitoloxía clásica e a súa persistencia en manifestacións literarias e artísticas. A presenza da mitoloxía clásica na publicidade, o deporte e outras manifestacións populares actuais. - Obras públicas e urbanismo: construción, conservación, preservación e restauración. - As representacións e festivais teatrais, a súa evolución e persistencia na actualidade. - As competicións atléticas e a súa persistencia na actualidade. - As institucións políticas gregas, a súa influencia e persistencia no sistema político actual. - A educación na antiga Grecia: os modelos educativos de Atenas e Esparta e a súa comparación cos sistemas actuais. - Principais obras artísticas da Antigüidade grega. - Principais sitios arqueolóxicos, museos ou festivais relacionados coa Antigüidade clásica.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A materia de Grego, como a de Latín, ten unha serie de elementos que obrigan a facer un uso amplo e diverso de metodoloxías. A aprendizaxe das linguas clásicas resulta clave para a mellora nas linguas propias, nas estranxeiras e para o afondamento no plurilingüismo, partindo dun coñecemento gramatical e da utilización de glosarios ou dicionarios para poder entender os textos a través da tradución dos textos gregos cara á lingua propia ou, de ser oportuno, nunha tradución inversa.

Por outra parte, cómpre considerar que o currículo conta tamén cun importante grupo de contidos non lingüísticos relacionados coa xeografía, historia, sociedade, relixión e legado para os cales hai que utilizar unha metodoloxía ben diferente.

O enfoque metodolóxico favorecerá a capacidade de autoaprendizaxe e de traballo en equipo e buscará aplicar os métodos apropiados de investigación para seguir aprendendo ao longo da vida.

Os textos converteranse no punto de partida para traballar simultaneamente os aspectos morfosintácticos da lingua grega, o seu léxico e a súa relación co galego e co castelán, e outras linguas estudadas polo alumnado, así como os aspectos culturais relacionados cos textos traballados.

Proporase unha secuencia de traballo axeitada e graduada por medio dunha metodoloxía activa, preferentemente de tipo indutivo-contextual, na que as normas se convertan en posesión permanente e en automatismo lingüístico.

O enfoque irá dirixido a que o alumnado desenvolva e afiance as súas propias técnicas de traballo mediante diversas estratexias.

Procurarase xerar un clima na aula co que as alumnas e alumnos sintan a necesidade de participar activamente no proceso de ensinanza-aprendizaxe, asegurándonos de que eses intentos, mesmo se son erróneos, sirvan de estímulo para intentalo de novo. Neste senso, crearanse contextos de aprendizaxe e avaliación que comprometan o alumnado e que o leven a planificar e avaliar as súas realizacións, identificando os avances e as dificultades, de cara a autorregular o seu propio e singular proceso de aprender a aprender.

Promoverase a participación do alumnado en pequenos traballos de investigación, coa orientación precisa para que poida acadar a capacidade de realizar un proxecto de investigación escolar de forma autónoma. Haberá que distinguir niveis de dificultade no contido e nas actividades para cubrir as diversas necesidades educativas do alumnado.

Promoverase a utilización das TIC para informarse, aprender e comunicarse e para utilizar con sentido crítico, como recurso formativo, materiais de procedencia diversa.

Seguiremos tamén a metodoloxía de aula invertida (flipped classroom). Este modo de traballo supón que o alumnado accede á información de modo previo e despois procédese a traballar de modo activo na aula aplicando ese coñecemento previo adquirido. Esta metodoloxía presenta, entre outros, o reto de que tanto profesorado como alumnado debe contar con acceso e suficiente destreza de uso das TIC.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
José Manuel Bértolo Ballesteros e Matilde de Cal Cortina: Grego bacharelato, Baía edicións, Consorcio editorial galego, A Coruña, 2022
Materiais elaborados pola profesora que estarán á disposición do alumnado na aula virtual do centro.

López Melero, Raquel; Así vivieron en la antigua Grecia: Un viaje a nuestro pasado; ed. Anaya, Biblioteca básica, Madrid, 2011
Angelidou, María; Mitos griegos; ed. Vicens Vives, Cucaña, Barcelona, 2008
A traxedia e/ou comedia a cuxa representación se acuda no Festival de teatro grecolatino
Recursos TIC diversos.

Utilizarase como base o libro de texto de Baía edición, único manual desta materia en galego, pero complementarase con material, de moi diversa índole, elaborado ou compilado pola profesora que se poñerá a disposición do alumnado na aula virtual do centro.

Recurirase a textos de autores clásicos, atlas, mapas, dicionarios etimolóxicos, históricos, de mitoloxía, de literatura; material audiovisual: vídeos, imaxes en presentación en powerPoint, e a consulta dalgunha das múltiples páxinas web e blogs existentes relacionados con algúns dos temas abordados.

Sempre que se considere oportuno farase uso de prensa escrita e de actividades interactivas relacionadas cos aspectos lingüísticos e culturais tanto en formato impreso como dixital.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

O Grego de 1º de bacharelato é unha materia na que, debido a que non foi obrigatoria en ningún momento da ESO, é preciso partir de cero. Pero, xa que unha parte do alumnado que a escolle pode que cursase anteriormente Cultura Clásica e/ou Latín de 4º de ESO, un dos obxectivos principais da avaliación inicial é obter esta información.

Ademais para facer unha avaliación inicial máis efectiva será preciso contactar co departamento de Orientación o antes posible, para poder acceder á información que sobre o alumnado en particular poida ter este departamento.

A AI realizarase nas primeiras semanas do curso e, en todo caso, antes das sesión das avaliacións iniciais.

Os principais obxectivos serán:

1. Saber que alumnado cursou Cultura Clásica e/ou Latín de 4º de ESO.
2. Coñecer as motivacións do alumnado para escoller a materia de Grego.
3. Identificar o alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
4. Identificar o alumnado repetidor.
5. Valorar o coñecemento previo que o alumnado ten do mundo e cultura grega, así como o seu nivel de coñecementos xerais sobre morfoloxía e sintaxe, tan imprescindibles para o estudo das linguas clásicas.

Despois da entrevista inicial co alumno, onde se obterá información sobre a súa formación anterior relacionada con esta materia, realizarase unha proba na que se incluírán aspectos básicos relacionados co mundo grego e, sobre todo, cos coñecementos lingüísticos acadados polo alumnado, xa que serán estes os que determinen maiormente a súa posterior evolución na aprendizaxe da nosa materia.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	3	4	4	4	10	15	9	14	8	7
Proba escrita	85	90	90	98	90	72	72	72	72	72
Táboa de indicadores	15	10	10	2	10	28	28	28	28	28

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	UD 13	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	8	10	4	100
Proba escrita	72	87	30	76
Táboa de indicadores	28	13	70	24

Criterios de cualificación:

En cada avaliación faranse dúas probas que ponderarán un 90% (a primeira un 36% e a segunda un 54%) e o outro 10% resultará de traballos elaborados polo alumnado e observacións directas do docente. En cada exame a tradución ponderará un 50%, a análise un 20% e cuestións relacionadas coa flexión verbal, pronominal, nominal etc un 30%.

A primeira avaliación ponderará un 15%, a segunda un 25% e a terceira un 50% da cualificación final.

O redondeo á alta farase caso o alumnado obteña unha puntuación igual ou superior a tres cuartos da puntuación inmediatamente superior. Isto significa que se un discente tira unha calificación entre 5'75 e 5'99 a súa cualificación na avaliación correspondente será un 6.

O feito de utilizar calquera sistema fraudulento nun exame, e inclúese a exhibición dun aparato de telefonía móbil ou similar, suporá a cualificación negativa na correspondente avaliación, e o alumnado terá que agardar á proba de recuperación para poder acadar unha cualificación positiva.

Criterios de recuperación:

O alumnado que ao final de cada avaliación non obteña unha cualificación igual ou superior a 5 puntos, será obxecto dun programa de recuperación específico.

Tamén se lle ofrecerá esta oportunidade ao alumnado aprobado que desexe mellorar a súa cualificación.

O alumnado poderá recuperar cada avaliación suspensa ao comezo da seguinte nunha proba escrita que trate dos contidos vistos en dita avaliación non aprobada.

No caso de que unha/un alumna/o non aprobe o curso na convocatoria ordinaria, recibirá un breve informe no que se detallan os obxectivos non alcanzados, o procedemento para os recuperar e as datas para a realización das probas.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O principal obxectivo deste procedemento é a recuperación das aprendizaxes non adquiridas e irá dirixido ao alumnado que promocióne sen superar a materia.

O departamento programará as actividades e probas que o alumnado debe realizar durante o curso, o seguimento e os criterios de avaliación. O profesorado da materia de Grego II en 2.º de bacharelato será o encargado da facer o seguimento do alumnado que promocióne coa materia pendente. De non existir esa posibilidade, porque non se imparta a materia de Grego II, o xefe ou xefa de Departamento decidirá quen se ocupa dese seguimento que se realizará nas sesións de reunión do equipo docente do grupo no que cursa o alumnado.

O alumnado que non se matricule en Grego II en 2.º de bacharelato, poderá escoller outra materia e seguir o procedemento que aquí describimos para recuperar Grego I.

Deseñaranse programas de reforzo individualizados para a recuperación das aprendizaxes non adquiridas, proporcionando boletíns de exercicios, cuestionarios na aula virtual, libros de lectura obrigatoria con cuestionarios de seguimento e probas escritas en datas proporcionadas pola xefatura de estudos.

A nota será produto da media aritmética de todas as notas obtidas nas probas propostas durante o curso.

5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias

Por ser o primeiro ano que se imparte esta materia no bacharelato, non pode haber alumnado que deba acreditar coñecementos previos.

6. Medidas de atención á diversidade

O principal obxectivo destas medidas é o seguimento do alumnado que require unha atención especial en función das súas características, motivacións ou circunstancias educativas e persoais, e o de aquel alumnado que permanece un ano máis no mesmo curso.

Sendo o Grego I unha materia de opción de modalidade que o alumnado escolle de forma voluntaria, xa constitúe unha das vías que establecen resposta á diversidade de intereses e necesidades do alumnado. Con carácter xeral a ensinanza debe ter unha natureza individualizada, que tome en consideración o punto de partida de cada alumno ou alumna, traballando na medida do posible de xeito particular sobre a súa motivación, os seus intereses e as súas capacidades de aprendizaxe. Neste sentido débese prestar atención especial ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. De xeito ordinario adoptaranse unha serie de medidas encamiñadas a previr ou compensar dificultades leves mediante a adecuación do currículo vixente, sen alterar ningún dos seus elementos prescritivos, co fin de que a diversidade do alumnado acade as capacidades establecidas nos obxectivos. Logo da avaliación inicial e seguindo as indicacións do departamento de Orientación, adoptaranse medidas como:

- Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado. Trátase neste punto, por exemplo, da colocación do alumnado na aula (proximidade á persoa docente, agrupación en parellas, etc.)
- Adecuación da programación didáctica ao contorno e ao alumnado.
- Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.
- Programas de recuperación. A elaboración dun programa específico para recuperar as avaliacións e tamén a materia no seu conxunto debe ser unha medida a considerar no caso de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Reunións periódicas do equipo docente convocadas polo profesorado titor. Seguimento de casos e intervención cando a situación o aconselle.

Estas medidas poderanse tomar nos seguintes casos:
 Alumnado con altas capacidades intelectuais.
 Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
 Alumnado con integración tardía no sistema educativo.
 Alumnado que permanece máis dun ano no mesmo curso.

En todo caso, a posta en práctica destas medidas ou de calquera outra non relacionada anteriormente deberá facerse baixo a supervisión e en estreita colaboración co departamento de Orientación e o resto do equipo docente.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - A comprensión lectora.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - A comunicación audiovisual.	X	X	X	X	X			
ET.4 - A competencia dixital.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - O emprendemento social e empresarial.			X					
ET.6 - O fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - A educación emocional e en valores.			X	X				
ET.8 - A igualdade de xénero.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - A creatividade.	X	X	X	X				
ET.10 - A educación para a paz.	X	X	X	X				

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13
ET.1 - A comprensión lectora.	X	X	X	X	X
ET.2 - A expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X
ET.3 - A comunicación audiovisual.					X
ET.4 - A competencia dixital.	X	X	X	X	X
ET.5 - O emprendemento social e empresarial.					X
ET.6 - O fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13
ET.7 - A educación emocional e en valores.					X
ET.8 - A igualdade de xénero.	X	X	X	X	X
ET.9 - A creatividade.				X	X
ET.10 - A educación para a paz.					X

Observacións:

Os elementos transversais son valores que teñen unha traxectoria histórica e, baixo o exemplo civilizador do mundo clásico, intégranse no currículo desde a perspectiva dos contidos de Grecia e Roma e tradúcense nunha vontade permanente de exemplificar a través deles e destacar o respecto a dereitos e liberdades fundamentais, á participación, á liberdade, á xustiza, á igualdade, ao pluralismo político, á paz e á democracia, desenvolvendo a través da metodoloxía do currículo unha educación para a convivencia e o respecto nas relacións interpersoais, impulso da igualdade real e efectiva entre mulleres e homes, a tolerancia e o recoñecemento da diversidade e rexeitamento a calquera forma de violencia.

É importante mencionar o interese que a metodoloxía do currículo ten en educar a capacidade de escoita activa, a empatía e o diálogo. Igualmente o autocontrol no uso das tecnoloxías da información e a comunicación, a convivencia e os hábitos de vida saudable, motivando o espírito emprendedor que xera un emprego sostible a través dunha posta en valor e uso respectuoso da herdanza clásica que o rico patrimonio clásico atesoura.

Como eixes vertebradores deste apartado, teranse en conta a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento, a educación emocional, a igualdade de xénero e a creatividade.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Festival de teatro grecolatino.	Asistencia dun día ao festival de teatro grecolatino de Lugo acompañada dunha visita á cidade de Lugo: museo, casa dos mosaicos, muralla. Dependendo das datas de celebración poderán acudir ou non as alumnas/os de 2º de bacharelato.			
Museo de Pontevedra - Castro e museo de Santa Tegra - Baiona.	Para afondar na romanización na Gallaecia intentaremos visitar o Museo arqueolóxico de Pontevedra e visitar o castro e museo da citania de Santa Tegra.			
Arde Lucus en Lugo.	Este ano intentaremos acudir un día ao Arde Lucus en Lugo, dado que o curso pasado non nos foi posible. Esta actividade estará condicionada ás datas de celebración, esperamos que non coincidan cos exames finais de curso.			

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Outras posibles actividades.	Deixamos aberta a posibilidade de realizar outras actividades extraescolares en función dos programas e oportunidades que xurdan ao longo do presente curso. Non descartamos a posibilidade de organizar con outro centro, e na medida en que suscite o interese do noso alumnado, unha viaxe didáctica e cultural a calquera punto de España ou Europa que permita profundar no coñecemento do mundo clásico e da súa pervivencia na actualidade.			

Observacións:

Agardamos poder levar a cabo unha ou dúas das seguintes actividades extraescolares, pensadas para a súa realización en función das preferencias, intereses do alumnado e das posibilidades organizativas coas que contemos.

Estas actividades levarase a cabo no 2º ou no 3º trimestre.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
1 Planificación adecuada: número, duración das actividades, coherencia e nivel de dificultade.
2 Grao de motivación logrado na aula, participación e progreso do alumnado e valoración de resultados finais.
3 Obxectivos alcanzados e selección de contidos.
4 Pertinencia e accesibilidade dos materiais utilizados.
5 Resultado das medidas de atención á diversidade.
6 Tratamento dos elementos transversais e actividades complementarias.

Descrición:

En canto ao indicador 1 usarase unha folla de rexistro en distintos momentos do curso, especialmente ao remate de cada unidade didáctica e unha enquisa con preguntas directas ao alumnado para valorar os elementos positivos e negativos.

Para o indicador 2 usaremos cuestionarios ao alumnado que pasaremos ao final de cada trimestre para ver a evolución do proceso. Ademais, os resultados de aprendizaxe en cada avaliación, serán analizados para comprobar que estamos conseguindo os obxectivos.

Avaliaremos o proceso de ensino e a práctica docente utilizando rúbricas para os indicadores do grupo 3 a 6 ao final de curso.

A información obtida permitiranos realizar o contraste da práctica educativa co programado, a fin de realizar a revisión e, se fose necesario, a modificación das decisións que adoptásemos.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A nosa programación constitúese como un instrumento vivo que o docente seguirá como marco de referencia e que permite introducir as correccións e melloras pertinentes, evitando así as improvisacións. Todo iso conseguirase seguindo as directrices desenvolvidas nos puntos e elementos anteriores dunha maneira flexible e adaptándose ás circunstancias concretas do centro e do alumnado.

A programación, nos puntos que se estime, revisarase nas reunións que o departamento celebra, como mínimo trimestralmente, especialmente despois de analizar os resultados de cada unha das avaliacións, así como en calquera momento no que o departamento o considere oportuno. Calquera cambio que se realice será comunicado aos membros da comunidade educativa que se vexan afectados.

Os elementos que serán revisados de maneira especial serán os seguintes:

- Número de sesións previstas e número de sesións utilizadas en cada UD.
- Orde dos contidos explicados.
- Actividades realizadas.
- Grao de cumprimento da UD.
- Obxectivos alcanzados.
- Propostas de mellora.

Estes cambios e adaptacións serán recollidos nas correspondentes actas de reunión, no apartado de seguimento da propia plataforma Proens e posteriormente na memoria final de curso.

Na derradeira reunión de departamento recolleranse as propostas de mellora de cara a modificar e mellorar a programación da materia no vindeiro curso.

9. Outros apartados